

Xestión de Persoal

EXPEDIENTE.- 2020/G003/003203

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

RESOLUCIÓN

Asunto: APROBACIÓN BASES OBRADOIRO DE EMPREGO "MELLORA DOS EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS 2020-2021" (EXPTE.: 15/0026/2020)

Na Casa do Concello de Arteixo, o Sr. Alcalde-Presidente, Carlos Calvelo Martínez, ante mín, Secretaria Xeral, Ana Ramos Ramos, dita a presente **RESOLUCIÓN:**

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Novo Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Empregado Público de Galicia e,

Vista a subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para á realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "**MELLORA DOS EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS 2020-2021**" ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DOG núm. 14, do 22 de xaneiro de 2020) e,

Vista a proposta de D. José María Sánchez Novo, Concelleiro de Persoal e Seguridade Cidadá de data 24 de novembro de 2020, con CVD: 8yEdaKs3wtc64jWyw5mz de convocatoria e bases para a selección do alumnado traballador e persoal do Obradoiro de Emprego "Mellora dos equipamentos municipais 2020-2021" e,

Visto o informe emitido por Dna. Cristina Garay Aguirre, Técnica de Persoal e RR.HH., en data 24 de novembro de 2020 con CVD: KcP3AG6cMQOvMs3AzPGI

Considerando a natureza do reparo non suspensivo formulado por Dna. Luz María Villa Álvarez, interventora municipal, de data 27 de novembro de 2020, con CVD: 88Svnn3hUNXkbuBmRm4h, por non contemplar as bases o suposto da admisión de aspirantes que non proveñan da preselección por parte do INEM e,

Tendo en conta que obra no informe da Técnica de Persoal, emitido en data 24 de novembro de 2020 con CVD: KcP3AG6cMQOvMs3AzPGI, a xustificación da urxencia e da utilización da sondaxe de preselección a través do SEPEG:

“A maior abundamento, a Circular de instrucións posibilita no seu texto tanto a realización de oferta de preselección ao SEPEG, como a realización dunha convocatoria aberta para o persoal directivo e docentes – non así para os 20 alumnos/as traballadores. Pero cabe expoñer que as premisas son tales e a imposición do inicio é de tal forma taxativa que tal convocatoria pública, resulta de todo punto inviable inclusive con tramitación de urxencia (*Véxase, dende incoación do expediente con 4 convocatorias á par: venres 12 de novembro, supoñendo unha inmediata aprobación das bases 17 de novembro, o prazo mínimo de publicidade e presentación de instancias por tramitación de urxencia será de 10 días- 27 de novembro. coa aprobación dunha listaxe provisional 30 de novembro, e un mínimo de 5 días para subsanación de documentación 7 de decembro, listaxe definitiva 9 decembro, constitución tribunal e baremo 11 de decembro, entrevista 14-15 de decembro...*) A xuízo de quen suscribe tal potencial convocatoria pública parece materialmente inviable porque lesionaría os principios mínimos de publicidade, posibilidade de alegacións pero es que, de xeito engadido, impediría o cumprimento doutros requisitos establecidos pola propia subvención como a remisión de tódolos candidatos/as seleccionados á oficina de emprego para verificación do cumprimento dos requisitos de inscrición, con carácter previo á efectiva contratación.

Polo exposto, a única fórmula válida é a realización de ofertas específica(para o caso do alumnado por imposición da subvención concedida) e ofertas ordinarias para cada un dos outros postos convocados (director/a, 2 mestres e titor/a empresarial)

(...)

En conclusión, a aceptación da subvención concedida obriga á observancia de preseleccións limitativas no acceso, baremación de méritos con factores de discriminación positiva e inclusive, modalidade contractual específica supeditada ao proxecto de formación ocupacional propio dunha Escola Obradorio.”

Por todo o exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO: Levantar o reparo con CVD: 88Svnn3hUNXkbuBmRm4h emitido con data 27 de novembro de 2020 referido as bases reguladoras da convocatoria para do persoal directivo, docente e alumnado do Obradoiro de Emprego “Mellora dos equipamentos municipais 2020-2021”.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria e bases reguladoras para a selección do alumnado traballador e persoal do Obradoiro de Emprego “Mellora dos equipamentos municipais 2020-2021, de seguido referidas:

CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO “Mellora dos equipamentos municipais 2020-2021”

PRIMEIRO: OBXECTO DA CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN

É obxecto da presente a regulación do proceso selectivo do persoal directivo, docente e alumnado do Obradoiro de Emprego Mellora dos equipamentos municipais 2020-2021. O

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

obradoiro de emprego "Mellora dos equipamentos municipais 2020-2021" é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade, e promovido polo **Concello de Arteixo**.

O presente proxecto terá como data límite prevista para o seu inicio o 15/12/2020, segundo se establece na Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DOG núm 14, do 22 de xaneiro de 2020).

A especialidade a impartir é a seguinte:

- EOCB0311 Pintura industrial en construción.

As actuacións a realizar son as seguintes:

1. Casa Consistorial: pintura interior, pintura exterior e barnizado de portas planta sótano.
- 2.-Centro Cívico de Arteixo: pintura interior de dependencias varias e pintura tarima de madeira escenario.
- 3.- Centro Cívico de Froxel: Pintura interior de dependencias varias, pintura exterior e lacado portas interiores.
- 4.- Centro de Saude de Meicende: Pintura interior de dependencias varias e pintura exterior de medianera
- 5.- Pavillón polideportivo de Galán: Pintura interior de vestiarios e tratamentos de elementos metálicos de estrutura
- 6.- Centro de Saude de Arteixo: Pintura interior de zonas comúns e tratamentos de elementos metálicos de barandillas interiores e escaleiras
- 7.- Campo de fútbol de Meicende: pintura exterior de edificio, vestiarios, tratamentos de elementos metálicos barandillas exteriores el acado de portas de vestiarios.
- 8.- Pista multideporte na rúa Río Sil: Pintura epoxi en pavimentos exteriores
- 9.- Pista skate municipal: Pintura epoxi en pavimentos exteriores.
- 10.- Pista multideporte no Centro social A Cachada: Pintura epoxi en pavimentos exteriores.
- 11.- Cubrición pista de chave de Meicende : Tratamentos de elementos metálicos.

12.- Baranda de madeira do Paseo marítimo entre Arteixo e Barrañán, zona de xogos praia de Barrañán e aparcadoiro praia de Balcobo: Tratamentos / reparación elementos de madeira

13.- Valado de pista multideporte de Sorrizo: Tratamentos /reparación elementos de madeira

O obradoiro terá unha duración de **9 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**. O alumnado traballador será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe, coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente. Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 2 mestres/as da especialidade "Pintura industrial en construción" (xornada completa)
- 1 mestre/a de xestión empresarial" (75% da xornada)

SEGUNDO: PROCEDIMENTO SELECTIVO .

En vista da normativa exposta , da finalidade de mellora da empregabilidade e dos requisitos e procedementos determinados pola Orde da Consellería que regula a subvención concedida ao Concello de Arteixo , en especial referencia á Circular de Instrucións 53/2020 da Dirección Xeral de orientación e promoción laboral (documentación obrante no expte. 2020/A008/00000003) proponse un sistema de selección, por procedemento de concurso de méritos con entrevista curricular, con baremo específicos, segundo o seguidamente exposto:

TERCEIRO: PROCEDIMENTO SELECCIÓN ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS

Sistema de selección: Oferta ao Servizo público de Emprego tipo T (Taller de Emprego) para sondaxe de preselección de candidatos/as. Procedemento de selección final a través de concurso de méritos con entrevista curricular.

Localidade: Ámbito do Concello de Arteixo. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

REQUISITOS DOS ALUMNOS/AS TRABALLADORES

Idade: 18 ou máis anos.

Situación laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir un contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

CRITERIOS XERAIS E PREFERENTES DE SELECCIÓN:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixos.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Criterios preferentes de selección: os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 10º da Orde do 27 de decembro de 2019, (DOG núm. 14, do 22 de xaneiro de 2020), segundo baremo que se adxunta como anexo de estas bases.

As persoas candidatas deberán, cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados (art. 11.1 d).

Serán excluídos do proceso selectivo as persoas candidatas que tiveran superado outro proxecto formativo de iguais características ou que xa estean en posesión do certificado de profesionalidade anteriormente citado obtido por calquera outra vía. Tamén serán excluídos do proceso aqueles candidatos que incorran en calquera tipo de falsidade documental.

O número máximo de candidatas/as a preseleccionar pola Oficina de Emprego, será de 60 (3 por praza). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: **340, 320, 330 ou 370** a partir dos 18 anos, segundo establece o artigo 11.4 da Orde.

O Concello de Arteixo tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de A Coruña Centro**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo Tribunal seleccionador designado a tal efecto .

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as, será efectuada polo Tribunal, que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego e unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Estes criterios determinaranse previamente e faranse públicos con anterioridade a efectiva baremación de méritos e realización de entrevista curricular. De conformidade polas Instrucións dictadas pola Direc. Xeral de Orientación e promoción laboral, a entrevista terá carácter previo á baremación de méritos. A puntuación final publicarase desagregadamente (entrevista e méritos) no taboleiro de anuncios e na web municipal con indicación dos/as 20 aspirantes propostos a contrato de formación aprendizaxe, mais unha listaxe de reserva de aspirantes ordenados segundo prelación de puntuacións totais.

O Tribunal queda competencialmente capacitado para substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha convocatoria conxunta de todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo Tribunal.

No caso de igualdade na puntuación final o criterio de desempate será o maior período de inscrición como demandante de emprego. Unha vez elaborada a listaxe de alumnos-traballadores propostos a entidade promotora para a súa contratación, o Concello deberá remitila á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos propostos non cumprira ditos requisitos a oficina de emprego comunicarallo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixeiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

BAREMO ESPECÍFICO ALUMNOS/AS TRABALLADORES : Anexo I.

CUARTO: PROCEDIMIENTO SELECCIÓN PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE

Sistema de selección: Oferta ao Servizo público de Emprego para sondaxe de preselección de candidatas/as. Esta oferta adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan como ANEXO II (p. Directivo) ANEXO III (mestres de especialidade) e ANEXO IV: (persoal de apoio: mestre formación empresarial, orientación e titoría).

O procedemento selectivo é o de concurso de méritos con entrevista curricular de conformidade aos requisitos e criterios xerais e Baremos específicos de cada caso. Segundo o establecido na Circular 53/2020 da Direc. Xeral de orientación e promoción laboral, dictada ao abeiro da Orde que regula a concesión de subvencións de Escolas Obradoiro da Consellería de economía, Emprego e Industria, o procedemento pode constar dunha parte subxectiva (entrevista) de carácter previo e outra obxectiva (concurso de méritos segundo Baremo específico).

Despois de rematadas todas as entrevistas, pasarase á fase de baremo de méritos, debendo facerse públicas as puntuacións tanto da entrevista como dos méritos de cada aspirante no mesmo lugar onde foron realizadas as entrevistas, e na páxina web da entidade promotora.

REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES A PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE:

As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego e terán preferencias as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

O número máximo de candidatas/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, 4 candidatas/as por posto.

CRITERIOS XERAIS E PREFERENTES DE SELECCIÓN:

Os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo non serán obxecto de baremación. Os méritos baremables deben estar en todo caso relacionados coas funcións a desenvolver.

Os/as aspirantes preseleccionados deberán aportar a documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos, para validación dos datos contidos no currículo remitido do polo SEPEG:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes certificados ou diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse do seguinte xeito:
 - Traballo por conta allea: contratos de traballo ou certificados de empresa e vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.
 - Traballadores autónomos: alta e baixa no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga.

- Traballos no estranxeiro: certificación oficial na que conste a ocupación desempeñada e os períodos traballados.

No caso de igualdade na puntuación o criterio de desempate axustarase aos criterios seguintes:

- O maior tempo acreditado de inscrición como demandante de emprego
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizados
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- A puntuación obtida no apartado de experiencia docente, se fose o caso
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- A puntuación do apartado de coñecemento idioma galego
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- O de maior idade

Unha vez elaborada a proposta de contratación do persoal directivo, docente e de apoio para o proxecto, o Concello de Arteixo deberá remiti-la á correspondente xefatura territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún do persoal docente proposto non cumprira ditos requisitos a xefatura comunicarllo a entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. O proxecto non poderá dar comezo en tanto a xefatura non comprobe que todo o persoal docente reúne ditos requisitos.

A entidade promotora estará obrigada a contratar a persoa aspirante que obtivese a maior puntuación final (suma da puntuación da entrevista e dos méritos alegados por cada aspirante segundo o Baremo de aplicación). Así mesmo, elaborase unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas segundo orde de prelación das puntuacións totais obtidas para os casos de rexeitamentos ou baixas que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

BAREMO ESPECÍFICO DIRECTOR/A: ANEXO II

BAREMO ESPECÍFICO MESTRES ESPECIALIDADE: ANEXO III

BAREMO ESPECÍFICO PERSOAL APOIO: MESTRE DE FORMACIÓN EMPRESARIAL:
ANEXO IV

QUINTO: TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e art. 60 do Texto Refundido da Lei 7/2007 do Estatuto do Empregado Público, así como garantindo a competencia técnica, nivel de titulación e criterio de idoneidade e estará composto do seguinte xeito:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Presidente/a: Persoal funcionario de carreira do grupo/subgrupo A1 do Concello de Arteixo ou doutra administración pública (titular e suplente): D^a. Luz M^a Villa Álvarez, interventora municipal (titular) e D^a. Mónica Bello Novo, Viceinterventora municipal (suplente)

Secretaria/o, quen actuará con voz e voto: O/a secretario/a da Corporación ou funcionario da Corporación que lle substitúa (titular e suplente): D^a. Ana Ramos Ramos, Secretaria xeral (titular) e D^a. Cristina Garay Aguirre, técnica de RR.HH (suplente)

Vogais: Tres vogais, sendo funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Arteixo ou doutra administración pública cumprindo o criterio de titulación e especialidade técnica (titular e suplente):

- D^a. Beatriz García Mollón, técnica de emprego (titular) e D. Borja Rey Barreiro, Psicólogo (suplente)
- D^a. María Pose Facal, orientadora laboral (titular) e D. Marcos Docampo Fraga, Coord. Técnico Deportes (suplente)
- D^a. Beatriz Esmorís Pérez, Técnica de Coordinación e planificación (titular) e D. Luis Varela Varela, Tec. Medio Ambiente (suplente)

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas, os cais actuarán con voz e sen voto, cando as circunstancias así o aconselle.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes, requiríndose a presenza de Presidente/a e Secretario/a obrigatoriamente.

As decisións do Tribunal tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

SEXTO: PUBLICIDADE E NORMA FINAL

O Concello de Arteixo publicará tanto as Bases como o chamamento de aspirantes, como os resultados da selección nos taboleiros de anuncios do Concello, remitindo copia á oficina de Emprego tramitadora das ofertas, así como complementariamente na páxina web, na que tamén se dará publicidade aos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas. As presentes Bases, así como os actos administrativos dimanantes das mesmas, serán recurribles de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

1.- MULLERES

- As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero terán prioridade absoluta.
- En xeral1 punto.

2.- IDADE

1. 18 - 29 anos 1 puntos.
2. 30 - 44 anos2 punto.
3. 45 ou máis 3 puntos.

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía > 33 % 1 punto.

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

1. Perceptores de desemprego 1 punto.
2. Perceptores de subsidios..... 2 puntos.
3. Non perceptores 3 puntos.

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses 1 punto.
- De 12 a 18 meses... 2 puntos.
- Máis de 18 meses... 3 puntos.

6.- EXPERIENCIA LABORAL EN POSTOS SIMILARES DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN NOS ÚLTIMOS 10 ANOS.

1. Ata 6 meses 1 puntos.
2. Máis de 6 meses ata doce meses 2 puntos.
3. Máis de doce meses ata 24 meses3 puntos
4. Máis de 24 meses.....4 puntos

Acreditación experiencia laboral:

a) Traballadores asalariados: informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de fotocopias de contratos ou certificados de empresa, onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado.

b) Traballadores autónomos ou por conta propia: informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social nos que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición de actividade desenvolvida, así como alta no IAE (actualizada).

7.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella) A puntuación é excluínte.

1. Unidade familiar de 4 ou máis membros 1 punto.
2. Monoparental con fillo/s 1 punto.

8.- OUTROS

1. Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)..... 1 punto.

A puntuación máxima posible no Baremo de méritos é de 17 puntos.

11.- ENTREVISTA

1. Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de 9 puntos, equivalente ao 35% da totalidade do proceso selectivo
2. A entrevista terá carácter previo á baremación de méritos dos/as aspirantes e deberanse determinar os criterios de cualificación , recolléndooos explicitamente en Acta e facendo constar o coñecemento dos mesmos por parte dos/as aspirantes.

A modo orientativo poderanse utilizar os seguintes criterios para cualificación de 0 a 9 puntos da entrevista:

- Actitude ante mellora da empregabilidade a través deste obradoiro: de 0 a 3 puntos

.- Aptitudes en relación coa especialidade de pintura, experiencia previa, coñecementos non reglados e similares: de 0 a 3 puntos

.- Outros factores psicosociais e económicos a considerar non incluídos no baremo: como por exemplo situación familiar, problemas psicolóxicos e/ou de socialización...: de 0 a 3 puntos

ANEXO II: BAREMO MÉRITOS SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCIÓN:

A persoa candidata seleccionada encargárase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego e Igualdade, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e ante os **Concello de Arteixo** as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
5. Colaborar co mestre de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Será contratado/a a tempo completo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Arquitecto Superior, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Industrial e/ou de Construción e Edificación Grao ou equivalentes

Experiencia mínima: 12 meses en ocupacións relacionadas co posto a desenvolver que serán Director/a centro educativo e Técnico e/ou Coordinador de Formación.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Doutoramento: 1,25
- Licenciatura ou grao: 1,50
- Diplomatura: 1
- Máster: 0,75 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)
- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0,30

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 6 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,25
- Celga 4 ou equivalente: 0,50
- Celga 5: 1 punto
- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75
- Curso superior linguaxe administrativa: 1

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación desemprego:

Computarase o período de inscrición como demandante de emprego nos últimos dous anos: 0,25 puntos por cada 3 meses

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 2 puntos.

Entrevista: A puntuación máxima da entrevista é de 7 puntos (equivalente ao 35% da totalidade do proceso selectivo, de conformidade ás Instrucións da Direc. Xeral de Orientación e promoción económica)

1. A entrevista , na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria terá carácter previo á baremación de méritos dos/as aspirantes e deberanse determinar os criterios de

cualificación, recolléndoos explicitamente en Acta e facendo constar o coñecemento dos mesmos por parte dos/as aspirantes.

A modo orientativo poderanse utilizar os seguintes criterios para cualificación de 0 a 7 puntos da entrevista:

.- Actitude ante traballo con colectivos de difícil empregabilidade deste obradoiro: de 0 a 3 puntos

.- Aptitudes en relación coa xestión/dirección de equipos humanos e proxectos de obras en escolas taller e/ou similares: de 0 a 3 puntos

.- Outros factores a considerar non incluídos no baremo a determinar polo Tribunal de 0 a 1 punto

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e polo baremo de méritos. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.

ANEXO III: BAREMO PARA A SELECCIÓN DE DOUS MESTRES/AS DE ESPECIALIDADE

FUNCIÓNS:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Serán contratados/as:

- **2 mestre/a** da especialidade EOCB0311“Pintura industrial en construción” (xornada completa)
- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas con estes contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.

- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: os establecidos no RD 615/2013, de 2 de agosto, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade. A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Doutoramento: 1,25
- Licenciatura ou grao: 1,50
- Diplomatura: 1
- Máster: 0,75 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)
- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0,30

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 6 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixeiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán. A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 1 punto.

Cursos de formación:

- Curso de “Especialización docente” (100 horas): 0,50
- Curso de “Metodoloxía didáctica” (150 horas): 0,75
- Curso de “Formador de formadores” (400 horas): 1
- Curso de “Docencia da Formación Profesional para o Emprego” (SSCE0110): 1
- **Máster secundaria ou CAP: 1**

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou máster a maiores do mínimo esixido polo correspondente certificado de profesionalidade.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 1 punto.

Cofecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,25 - Celga 4 ou equivalente: 0,50 - Celga 5: 1 punto
- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75 - Curso superior linguaxe administrativa: 1

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación desemprego:

Computarase o período de inscrición como demandante de emprego nos últimos dous anos: 0,25 puntos por cada 3 meses

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 2 puntos.

Entrevista: A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 7 puntos (equivalente ao 35% da totalidade do proceso selectivo).

1. A entrevista, na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria terá carácter previo á baremación de méritos dos/as aspirantes e deberanse determinar os criterios de cualificación, recolléndolos explicitamente en Acta e facendo constar o coñecemento dos mesmos por parte dos/as aspirantes.

2. A modo orientativo poderanse utilizar os seguintes criterios para cualificación de 0 a 7 puntos da entrevista:

- Actitude ante traballo con colectivos de difícil empregabilidade deste obradoiro: de 0 a 3 puntos

- Aptitudes en relación co traballo en equipo e proxectos de obras en escolas taller e/ou similares: de 0 a 3 puntos

- Outros factores a considerar non incluídos no baremo a determinar polo Tribunal de 0 a 1 punto

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.

ANEXO IV: BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA MESTRE/A DE XESTIÓN EMPRESARIAL, ORIENTACIÓN E TITORÍA

FUNCIÓNS:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

A persoa candidata seleccionada encargárase de impartir a formación en materia de xestión empresarial, información, orientación e inserción laboral. Impartirá tamén os módulos de iniciación á informática, e igualdade de xénero, así como tarefas de información, orientación e inserción laboral.

Así mesmo, levará a cabo funcións tales como visita a empresas para captación de ofertas de emprego, intermediación laboral, acompañamento na inserción laboral dende o inicio do obradoiro, adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego, definicións de perfís profesionais e realizar a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado/a o 75% da xornada.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Diplomado en Relacións laborais ou grao Licenciado en Empresariais ou Grao, Diplomado en Ciencias Empresarias ou Grao, ADE ou grao, Psicoloxía, Pedagogía, Socioloxía e Maxisterio.

Experiencia profesional mínima: 12 meses en ocupacións relacionadas co posto a desenvolver.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Doutoramento: 1,25
- Licenciatura ou grao: 1,50
- Diplomatura: 1
- Máster: 0,75 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)
- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0,30

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 6 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 1 punto.

Cursos de formación:

- Curso de “Especialización docente” (100 horas): 0,50
- Curso de “Metodoloxía didáctica” (150 horas): 0,75
- Curso de “Formador de formadores” (400 horas): 1
- Curso de “Docencia da Formación Profesional para o Emprego” (SSCE0110): 1
- **Máster secundaria ou CAP: 1**

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,25 - Celga 4 ou equivalente: 0,50 - Celga 5: 1 punto

- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75 - Curso superior linguaxe administrativa: 1

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación desemprego:

Computarase o período de inscrición como demandante de emprego nos últimos dous anos: 0,25 puntos por cada 3 meses

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 2 puntos.

Entrevista: A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 7 puntos.

1. A entrevista, na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria terá carácter previo á baremación de méritos dos/as aspirantes e deberanse determinar os criterios de cualificación, recolléndooos explicitamente en Acta e facendo constar o coñecemento dos mesmos por parte dos/as aspirantes.

2. A modo orientativo poderanse utilizar os seguintes criterios para cualificación de 0 a 7 puntos da entrevista:

.- Actitude ante traballo con colectivos de difícil empregabilidade deste obradoiro: de 0 a 3 puntos

.- Aptitudes en relación co traballo en equipo e proxectos de obras en escolas taller e/ou similares: de 0 a 3 puntos

.- Outros factores a considerar non incluídos no baremo a determinar polo Tribunal de 0 a 1 punto

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.

TERCEIRO: Dar traslado da presente Resolución ao Dpto. de Persoal para que procedan segundo os trámites oportunos.

CUARTO: Dar traslado ao Comité de Empresa do Concello de Arteixo.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, Dna. Ana Ramos Ramos, como Secretaria Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).